

PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL

EDICIÓN 3: **Organización transformadoras. Unha mirada dende a facilitación e xestión de grupos.**

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	14 ao 28 setembro de 2021	DURACIÓN	15 horas
HORARIO	Haberá tres sesións virtuais de aprendizaxe os días 14, 16 e 22 de setembro en horario de 10:00 a 13:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

PROGRAMA E CONTIDOS

1. Sesión: Introducción á facilitación de grupos

Nesta primeira sesión presentaremos o curso, as persoas participantes e partiremos da experiencia propia para diagnosticar as necesidades propias e dos equipos dos que formamos parte. Introduciremos algunhas ideas e conceptos fundamentais da facilitación e xestión grupal.

2. Sesión: Poder e novos estilos de liderado

Para liderar un grupo é preciso entender mellor o concepto de poder, a súa diversidade e dinamismo e os límites sociais que operan e que nos limitan á hora de facer un bo uso del. Achegarémonos ao concepto e exploraremos como se concreta na experiencia propia e posibles pasos a dar para facer un mellor exercicio do mesmo.

3. Sesión: Xestión do conflito

A xestión do conflito é outro elemento fundamental na xestión grupal para asegurar a súa eficiencia, resiliencia e benestar das persoas que o compoñen. Precisamos coñecer que é iso que está detrás do conflito; como xestionalo para convertelo nunha oportunidade de aprendizaxe individual e colectiva; e como minimizar as partes difíciles que trae consigo.

METODOLOXÍA

Traballárase a través da plataforma virtual de Espazocoop combinando as sesións virtuais sincrónicas de 4 horas, co traballo persoal a través de lecturas e exercicios. No espazo virtual combinarase a explicación teórica con exercicios prácticos en pequeno grupo e postas en común. Garantiremos tempos de descanso suficientes para o necesario descanso e desconexión das pantallas. Cada sesión sincrónica complementarase con 1,5h de traballo autónomo a través da revisión de materiais complementarios

DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area, de cooperativas.

Atendendo ás especificidades e obxectivos do programa, e os criterios da orde de axudas, procurarase que en cada acción formativa participen un número de persoas entre 10 e 15.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.